

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEAREAS**

#### **Persoal, oposicións**

*NOVA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE PROFESOR DE MÚSICA, NA ESPECIALIDADE DE VIOLÍN, PERTENCENTE ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA LISTAS DE CONTRATACIÓNS DE DIVERSAS CATEGORÍAS*

#### *A N U N C I O*

*NOVA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE PROFESOR DE MÚSICA, NA ESPECIALIDADE DE VIOLÍN, PERTENCENTE ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA LISTAS DE CONTRATACIÓNS DE DIVERSAS CATEGORÍAS.*

Con data 4 de febreiro de 2019 aprobouse mediante Decreto nº 2019-0343, unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir da data de publicación no BOP, na categoría de profesor de música, na especialidade de Violín, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, co fin da confección das listas de contratacións para a categoría mencionada.

Unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha soa lista de substitucións na categoría Profesor de Música, especialidade de Violín, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos.

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixíranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), apartado de Oferta de Emprego Público.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

